



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A RECUPERACIÓN PATRIMONIAL DO CASTRO DE SAN LORENZO (A POBRA DO BROLLÓN, LUGO).

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello de Pobra de Brollón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio **a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Pobra do Brollón a realización dos traballos de Actuación arqueolóxica para a recuperación patrimonial do Castro de San Lourenzo (A Pobra do Brollón, Lugo).**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A través deste convenio de colaboración preténdese realizar os traballos necesarios para a recuperación patrimonial do Castro de San Lourenzo, consistindo a dita actuación na realización dunha escavación arqueolóxica no contorno inmediato ás ruínas da capela de San Lourenzo, en concreto no seu adro occidental e corredor meridional que supoñen unha superficie de actuación de aproximadamente 180 m2, coa finalidade de exhumar en planta o resto da necrópole altomedieval alí existente e posteriormente consolidar e restaurar todo este espazo para convertelo nun recurso visitable dentro do sitio arqueolóxico do Castro de San Lourenzo.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **20.000 €** no ano 2018.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública e por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

